



## **XV FEIRA RURAL de San Sadurniño**

### **Bases do concurso de Froita Autóctona**

O Concello de San Sadurniño, en convenio coa AGFA do Eume, de cara á promoción da froita autóctona, convoca para o 31 de agosto de 2024 o concurso de froita das hortas tradicionais das comarcas do Eume, Ferrolterra e o seu contorno, de conformidade coas seguintes bases:

#### **REQUISITOS:**

- 1.** Poderá participar calquera persoa, afeccionada ou interesada na posta en valor das nosas hortas, en representación propia.
- 2.** A cada lote, unha vez inscrito, asignaráselle pola Comisión de inscrición, unha ficha técnica e un número de participación.
- 3.** Non está limitado o número de lotes por participante, sempre que se cumpran as Bases do Concurso. Só se pode presentar unha persoa representante e recibir un premio por unidade familiar.
- 4.** O lote estará formado por froita dunha mesma variedade e cun peso mínimo de 2 Kg, procedente de hortas tradicionais das comarcas do Eume, Ferrol, Ortegal e Betanzos. Para determinadas variedades o xurado pode admitir un peso inferior.
- 5.** Poden presentarse ó concurso variedades de froita antigas e variedades recentemente incorporadas.
- 6.** A presentación e retirada dos lotes que se presenten no concurso será por conta das persoas concursantes.
- 7.** A persoas interesadas en concursar deberán presentar o mesmo día na Feira os lotes á Comisión de Inscrición, entre as 10:30 e as 11:30h, reservándose a organización o dereito de variar o horario en función do número de participantes, e na que deberán cubrir unha ficha cos seguintes datos: nome, apelidos, DNI, idade e teléfono de contacto, así como a horta de procedencia da froita.
- 8.** A Comisión de Inscrición estará formada por 2 persoas expertas da AGFA e unha en representación do Concello.

#### **XURADO E PREMIOS:**

- Para ditar o fallo constituirase un xurado formado por 1 persoa representante do Concello de San Sadurniño e 2 representantes da AGFA do Eume.
- As follas de inscrición de participantes, follas de valoración e acta do concurso, unha



vez pechado o período de impugnación, serán custodiadas pola AGFA.

- Ás 11:30h o xurado pasará a cualificar os lotes presentados a concurso e ás 13:00 horas darase lectura dos lotes premiados.
- Entrega de premios. Ás 13:30h realizarase a entrega de premios no caso de non haber impugnacións. En caso de as haber serán entregados 1/4 de hora máis tarde de resoltas as impugnacións. O xurado poderá facer unha preselección de cestos en función da súa calidade.
- Tomando como referencia as Bases do concurso, os premios poden ser impugnados na propia Feira no prazo de 1/4 hora a seguir da lectura dos premios.
- Premios:
  - 3 Premios por valor de 100€ ós tres mellores cestos de froita seleccionados para gastar nun establecemento do Concello.
  - Premios á participación: Agasallo dunha froiteira autóctona.
- Os lotes premiados pasarán a disposición da organización para ser sorteados na Feira.

### **IMPUGNACIÓNS E ACEPTACIÓN DAS BASES:**

- Un Xurado formado por persoas representantes do Xurado de Cualificación e Comisión de Inscripción avaliará a impugnación e responderá nun prazo de 1/4 hora terminado o prazo de impugnación. No caso de ser aceptada a impugnación o premio pasará ó seguinte valorado. Con tal motivo os premios só poderán retirarse terminado o prazo de impugnación.
- A participación no concurso supón a aceptación plena das presentes Bases. Calquera circunstancia non prevista nas mesmas, ou cantas dúbidas interpretativas se presenten, serán resoltas segundo o criterio da organización do evento.

### **PUNTUACIÓN:**

- Xurado, sobre os lotes presentados, preseleccionará un mínimo de tres, dos que se valorarán as características organolépticas e morfolóxicas para determinar os que acadan o premio, consonte a seguinte táboa:

IDENTIFICACIÓN DA VARIEDADE (ACUMULABLE)	3
VARIEDADE AUTOCTONA OU ANTIGA	10
VARIEDADES RECÉN INCORPORADAS	5



VARIETADE EN EXTINCIÓN (ACUMULABLE)	5
PRESENTACIÓN E COMPOSICIÓN DE FROITAS	0 A 15
COR	0 A 8
FORMA	0 A 8
TAMAÑO	0 A 8
CARNE	0 A 8
SABOR	0 A 15
PEL, DEFECTOS E ENFERMIDADES	0 A 15

### DINÁMICA E FUNCIONAMENTO:

- Das 10:30 ás 11:30h farase a acollida ó recinto nunha área identificada como "inscrición de participantes". No caso de non facelo antes, encherase a ficha de inscrición e entregarase á Comisión de Inscrición. Mostraranse os lotes de froita a concursar para ser recoñecidos pola Comisión, que elaborará unha ficha técnica e asignará un número que acompañará ó lote, e determinará un lugar de exposición para o concurso. Os lotes da froita en concurso quedarán expostos para a valoración do xurado dende as 11:30 ás 13:30h.
- Unha das pezas de cada lote preseleccionado estará a disposición do xurado, se así o considera necesario, para avaliar a carne, o sabor e o arrecendo.
- Os lotes recoñecidos como premiados pasarán a formar parte da froita exposta pola AGFA do Eume e serán sorteados ás 19:45h.
- Os restantes lotes con premios de participación quedarán a disposición dos concursantes.

Coa finalidade de favorecer a recuperación do mercado tradicional de froita, as persoas participantes poderán poñer á venda a súa froita.

### DIRECTRICES XERAIS:

- A presentación dos lotes debe facerse en cestos ou recipientes tradicionais. Non se permite presentar os lotes en caixas de firmas comerciais.
- Os lotes e concursantes que incumpran as Bases do concurso poden ser penalizadas coa retirada dos lotes do concurso.

San Sadurniño, 15 de xullo de 2024

Asdo.: En representación do Concello de San Sadurniño e da AGFA do Eume



O Concelleiro de Desenvolvemento Local

O Presidente da AGFA

Manuel Varela Mecías

Ignacio Bellas Castro